

# Volver ao pasado non é ningún futuro



As crises provocadas pola crise da pandemia lémbrennos que estamos ante un problema sistémico. E que a normalidade antes da anormalidade, non tiña nada de normal. Son moitas as reflexións urxentes que nos deixa esta emerxencia. Que sempre o máis urxente para saír do buraco é deixar de cavar, que facer o mesmo e esperar resultados diferentes é inútil, que unha vez máis a única forma de salvarnos cada unha de nós é salvarnos todas ao mesmo tempo.

**“Este ano facemos 25 anos, que non poderemos celebrar como previmos pero si como sabemos: dando respostas sólidas, duradeiras e solidarias.”**

Que as marxes se estreitan e non hai parches nin axustes. Se a transición social e ecolóxica era antes unha urxencia, neste momento é unha obriga en tempo de desconto. Nada que esta crise non teña espido con dor e puntualidade.

Tempo de colapsos, tempos de aprendizaxes e tempos de construción das alternativas que hai anos se configuran. Atendendo ao que din e fan os movementos sociais: do ecoloxismo -a conciencia dos límites- aos feminismos -a vida no centro-; da xustiza

social ante tanta desigualdade a unha democracia con fondo -nuns servizos públicos maltratados e hoxe revalorizados-; da soberanía alimentar e a dignificación da despensa común que é o mundo rural ao crecemento ante un consumo irracional e desmesurado; da incuestionábel reforma fiscal contra paraísos voitrés e evasores a un novo modelo de acceso á vivenda que bloquee a especulación; do antirracismo ao internacionalismo ante a orde caníbal neoliberal. Sabíámolo antes, sabémolo mellor hoxe. Todo para facer saber que hai tempo que o intentamos e que teremos que ser máis para logralo. Ao final, un pacto non escrito cara a unha economía para a vida, nun novo modelo económico plural e transformador.

Mirando atrás para poder continuar adiante, hoxe aínda adquire máis sentido, forza e afianzamento todo o que fomos construíndo colectivamente, desde as marxes e tanxentes, nas últimas décadas. De socato, todo adquire agora un novo e antigo sentido. Que este ano fagamos 25 anos tamén merece unha reflexión e un agradecemento a todas vós. Non os poderemos celebrar como previmos, pero si como sabemos: dando respostas sólidas, duradeiras e solidarias. Si, as redes construídas onte, antes dos após, serven como nunca para o hoxe. E para o mañá. Para iso serven as redes ao final. Para non caer nunca. Paga a pena dicilo: non falamos de construír alternati-

vas. Están hai tempo. Falamos de estendelas, ensanchalas, reforzalas, amplialas. Hai tempo que as facemos posíbel ante o seu mundo imposíbel.

**“Se a transición social e ecolóxica era antes unha urxencia, neste momento é unha obriga no tempo de desconto. Nada que esta crise non teña espido con dor e puntualidade.”**

A capacidade, anticipada e precursora e case ás apalpadelas, dos últimos vinte e cinco anos de economía social e solidaria nos nosos territorios cultivaron sementes que van arraigando dentro e que por sorte, agora déixannos menos indefensas. Serviron, ademais, para lles dar respostas urxentes hoxe en clave de mañá. Queríannos soas e reencontráronnos sempre xuntas. Nesta crise tamén. Tampouco inventabamos nada novo. Máis que unha ‘nova normalidade’ urxe o retorno á antiga solidariedade, á vella decencia e ao máis antigo sentido común, comunitario e cooperativo. Ao final, o que sempre nos permitiu convivir en común. Saír desta, si, non será doado, pero incomparabelmente máis difícil será non facelo.

# Coop57 dá resposta

## A resposta directa á crise da COVID-19

Marzo-Abril 2020



Número de préstamos refinanciados

96

Valor de préstamos refinanciados

4.314.374€



Altas de socias de servizos

16

Altas de socias colaboradoras

60



Novos préstamos concedidos

42

Volume dos novos préstamos

3.183.216€



 #Coop57daResposta

<https://coop57.coop>

Durante estes tempos de situación excepcional, unha idea guiou toda a actividade de Coop57: dar resposta.

Recordando que Coop57 existe para ser una ferramenta financeira útil guiada polos criterios da solidariedade e o apoio mutuo, tamén ao servizo da economía social e solidaria e da transformación social. Non como unha ferramenta financeira ao servizo do capital nin para a maximización de beneficios.

Desde o primeiro momento, Coop57 foi consciente de que a emerxencia sanitaria tiña, á vez, vertentes sociais e económicas e que se faría imprescindible activar mecanismos específicos para resolver as novas necesidades que xurdirían.

O reto era dobre: darlles saída ás necesidades específicas causadas directamente pola situación de crise e, ao mesmo tempo, seguir mantendo activos e vivos os canais de actividade ordinaria da cooperativa.

Polo tanto, foi preciso adaptar simultaneamente os procesos políticos, sociais, económicos e técnicos á nova realidade. Todo isto sen facer minguar os estándares sociais, éticos e de rigor financeiro. O reto de traballar a distancia e en condicións, a miúdo non de todo óptimas, supuxo un escollo adicional. E máis tendo en conta que, para Coop57, o valor da proximidade, o coñecemento e a confianza sempre foron capitais, e o contacto humano importantísimo.

**“Desde o primeiro momento, Coop57 foi consciente de que a emerxencia sanitaria tiña, á vez, vertentes sociais e económicas”**

No ámbito político, os diferentes consellos de sección das seccións territoriais e o Consello Reitor estableceron mecanismos para se reunir telemati-

camente, para seguir debatendo e decidindo sobre a actividade de Coop57, respecto á aprobación de novos empréstitos ou da incorporación de novas entidades desde a participación e a democracia.

No ámbito social, as comisións sociais, encargadas de levar a cabo o proceso de análise na incorporación de novas entidades, adaptaron os procesos para seguir avaliando as novas entidades, readaptando os medios pero non os criterios nin os requisitos de avaliación.

A escala económica, máis alá de manter a actividade cos produtos financeiros xa establecidos, traballouse tanto na inmediatez como a máis longo percorrido. Por un lado, establecemento de mecanismos de carencias e refinanciamento en préstamos vivos e, por tanto, pospondo a devolución das cotas para os meses próximos. Isto evita agravar aqueles casos de entidades que viron a súa actividade reducida ou parada a causa da crise da Covid-19.



Por outro lado, traballouse para deseñar novos produtos financeiros específicos de liquidez para a concesión de novos préstamos para alixear tensións de tesouraría derivadas do descenso da actividade a medio prazo.

Nesta segunda liña fíxose un traballo complementario para chegar a acordos con outros axentes para establecer mecanismos de garantía compartidas que fixeran viábel a sustentabilidade do risco asumido por parte de Coop57.

**“As cifras revélanos unha actividade continuada e sostida da Coop57 durante estes dous meses”**

E, por último, no ámbito técnico e administrativo, adaptouse a maneira de traballar para seguir garantindo o día a día de Coop57 e a operativa básica, tanto de persoas como entidades socias: a xestión diaria das achegas e as devolucións, as altas e baixas de socias, as transferencias e disposicións de capital, a xestión das cotas de devolución dos préstamos, a operativa da oficina virtual e a xestión administrativa e contábel da cooperativa, así como o mantemento dos canais de comunicación vivos e atención ás socias.

Todas estas medidas tradúcense en cifras que expresan o resultado de todo este traballo e que nos explican que Coop57 soubo adaptarse á nova situación.

As cifras revélanos unha actividade continuada e sostida da cooperativa durante estes dous meses, tanto a actividade ordinaria como a actividade extraordinaria, e tamén no que respecta á actividade social como crediticia.

En concreto, aprobouse a incorporación de 16 entidades como socias de servizos e déronse de alta 60 novas socias colaboradoras. Por outro lado, concedéronse 42 novos préstamos por un volume global de case 3,2 millóns de euros.

E respecto á resposta máis inmediata relacionada, especificamente, coas necesidades causadas pola crise actual, aplicáronse medidas a case un centenar de préstamos concedidos anteriormente a entidades con necesidades de alixeararlles a súa tensión de liquidez e por tanto, aplicáronse carencias e refinanciamentos na medida que a entidade o precisou.

# Novos acordos para fortalecer a resposta

Complementariamente, Coop57 activou mecanismos para compartir riscos e para achegar solucións que desen resposta ás necesidades actuais das entidades que conforman a cooperativa. Por iso, traballáronse novos acordos con varias entidades para pór en marcha novos instrumentos financeiros. A seguir, detallamos os que se concretaron até o momento:

## Avalis, sociedade de garantía recíproca catalá

O acordo permite acceder ás diferentes liñas de garantías de Avalis, entre as que se inclúe un programa de avais específico para operacións financeiras co fin de darlles liquidez a entidades afectadas por contingencias vinculadas coa Covid-19. Como requisito, esta liña esíxelle á entidade que se beneficie do financiamento, o compromiso de manter os postos de traballo. Avalis cubre o 100% do risco dos préstamos para financiar as necesidades derivadas da pandemia.

## Acceso ao financiamento para o cooperativismo catalán

O acordo entre Coop57 e a Fundación Seira —entidade que traballa para o fomento do cooperativismo— pon en marcha un mecanismo para axudar ás cooperativas catalás que necesiten resolver contingencias de tesouraría a causa da Covid-19. Coop57 abre unha liña de financiamento específica de 2.000.000 euros e a fundación constitúe un fondo de 400.000 euros que servirá para garantir, mancomunadamente e a partes iguais coa cooperativa, os empréstitos concedidos no marco desta liña. Permitirá conceder pólizas de crédito ou préstamos de liquidez.

## Adaptando as respostas ás necesidades co concello de Barcelona


Acordo para ampliar un convenio establecido anteriormente entre Coop57 e o concello que consiste na creación dun fondo económico mancomunado e unha liña de financiamento para novos proxectos de economía social e solidaria na cidade de Barcelona. A ampliación faise para poder atender as necesidades de financiamento derivadas das contingencias actuais ocasionadas pola Covid-19. Por este motivo, abre a liña de préstamos a calquera entidade de ESS, a pesar de que inicialmente só era para novos proxectos ou entidades de nova creación.

## Avalmadrid, sociedade de garantía recíproca madrileña

Chegouse a un acordo para firmar un convenio coa sociedade de garantía recíproca madrileña Avalmadrid. Este acordo permite acceder á súa liña de avais, nunha primeira fase, para proxectos concretos e onde se espera que nunha segunda fase se poida desenvolver un convenio marco para proxectos da economía social e solidaria de Madrid.

## Convenio con Olatukoop

Aprobouse unha proposta do acordo coa rede Olatukoop para establecer liñas de financiamento que contén con mecanismos de garantías colectivas. Olatukoop é unha rede vasca de 40 entidades de economía social, solidaria e transformadora. Co convenio impúlsase a xeración dun fondo de mutualidade e unha rede de avalistas que sustenten unha liña de financiamento de Coop57 para as entidades socias de Olatukoop.



FUNDACIÓN  
FUNDACIÓ  
FUNDAZIOA  
FUNDACIÓN  
coop57

# Fundación Coop57 a mellor saída á crise é a solidariedade

A Fundación naceu en 2014 após un longo e fértil debate no seo de Coop57 sobre a súa necesidade, operatividade e viabilidade atendendo, tamén, ás limitacións que tiña a cooperativa para lles dar resposta ás novas necesidades sociais e financeiras da economía social e solidaria desde unha perspectiva nitidamente postcapitalista, feminista, ecoloxista e antirracista. Para lles dar respostas ás urxencias e emerxencias do mundo dos nosos días.

Desde este espírito, a fundación activou os mecanismos e as sinerxías necesarias con outras organizacións da economía transformadora e os movementos sociais para responder a situacións de emerxencia social ocasionadas pola crise actual.

## Fondo Cooperativo para a Emerxencia Social e Sanitaria en Catalunya

A Fundación Coop57, conxuntamente con diferentes entidades, impulsou un Fondo Cooperativo pola Emerxencia Social e Sanitaria.

Iniciativas en todo o territorio reorientaron a súa actividade cotiá para lle dar resposta á emerxencia: cosendo máscaras e



batas, fabricando viseiras 3D, producindo e distribuindo produtos agrocolóxicos, coidando de persoas ou desenvolvendo tecnoloxías libres para teletraballar.

O proceso de captación lanzouse o pasado 14 de abril e en dúas semanas, o Fondo recolleu 46.240 euros de 332 cofinanciadoras, que sumadas á achega singular da Federación Cooperativa de Treball de Catalunya, suman 76.240 euros para destinar 26 iniciativas que achegan solución directa á emerxencia e requiren recursos pola sustentabilidade.

A principios de maio, logrouse o obxectivo da primeira fase e se está a traballar nunha segunda fase que ampliará obxectivos ao servizo da sustentabilidade dos proxectos.

Coñece máis en:  
<http://www.economiaperlavida.cat>

## Fondo de Loitas: para isto naceu, a solidariedade

O Fondo de Loitas Laborais e Populares da Fundación Coop57, nacido en 2016 a raíz da Revolta de les Escales protagonizada polos traballadores e traballadoras autónomas das subcontratas de Telefónica, fixolles achegas solidarias ás diversas caixas de resistencia e apoio mutuo xurdidas a raíz da crise provocada pola Covid-19.



As achegas fixéronse de xeito igualitario tanto ás caixas das coidadoras do fogar como das traballadoras sexuais, dos manceiros e da xuventude migrante do barrio da Ribera. Traballouse directamente co Sindicato Manter, a asociación Mujeres Migrantes Diversas, o sindicato OTRAS e o colectivo Did L 3onf-Contra a violencia.

De mutuo acordo con todas elas, as achegas materializáronse na compra e distribución de produtos alimentares que foron adquiridos en cooperativas da economía social e solidaria. Neste sentido, queremos agradecer o apoio e a implicación desde o primeiro momento de L'Oliveira SCCL, Cal Roio, M'és Fresques Que Un Enciam SCCL, o Economat Social de Sants e Queviure SCCL, ademais do apoio loxístico da cooperativa de mensaxaría Trèvol, SCCL.

Coñece máis en:  
<https://fundacio.coop57.coop/2020/04/29/fons-de-lluities-per-a-aixo-va-neixer-per-a-la-solidaritat/>

## Caixa de Resistencia Bizihotsa

Caixa de resistencia creada por grupos feministas, asociacións de mulleres, colectivos antirracistas e anticapitalistas, redes de cooperativas de Euskal Herria, sindicatos e redes cidadás.

BiziHotsa reivindica a forza da solidariedade e o apoio mutuo, e é por iso que



impulsou unha primeira convocatoria de apoio a trece proxectos que xa lle están dando resposta desde a rúa e as bases, á situación de emerxencia que as institucións non están atendendo. Son iniciativas políticas, que están achegando solucións directas e que interveñen en cinco ámbitos: alimentación, vivenda, violencia machista, saúde e empoderamento ante a represión.

A Fundación Coop57 puxo a súa capacidade de xestión ao servizo desta iniciativa e neste caso, a campaña de captación fíxose desde a plataforma bizihotsa.coop57.coop.

Coñece máis en:  
[www.bizihotsa.eus](http://www.bizihotsa.eus)



“Saír de aquí requirirá cambios na nosa forma de organizar a economía, a política e a vida”. [ Yayo Herrero ]

  
coop57  
SCCL

<https://coop57.coop>